

## ORACIÓN

*Á memoria de Carlos Casares*

Contra tódalas evidencias,  
contra tódalas falsas  
evidencias  
-que tén que ser falsas-  
eu prégoche como un cristián,  
como a velliña que  
cruza os cotoveliños nas ermidas,  
como don Vicente Risco  
que humillaba a súa sabedoría,  
como a Susa popular e tenra,  
como o meu amigo Santorum, o riseiro,  
eu prégoche, Señor,  
que nos abras o pazo  
pechado do futuro,  
que poñas nas corgas inquedas  
do meu cerebro  
unha fe grande, grande  
pra poder seguir erguendo  
o chafarís da vida abraiante,  
que me dobres os xoellos ateos  
e me axudes a repetir moitas veces:  
contra tódalas falsas evidencias  
sálvanos a todos diste inferno  
do que ti non tésculpa.  
Axuda á miña incredulidade  
e dame azos  
pra comungar o corpo do misterio  
humildemente.

Escóitame,  
Quen quera que ti sexas.

ANTÓN TOVAR